# Carnés profesionais

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ten prevista a publicación no Diario Oficial de Galicia a convocatoria dos exames para a obtención de carnés profesionais e certificados de cualificación individual.

## Especialidades que se convocan

- Instalador/ora de fontanaría.
- Operador/ora industrial de caldeiras.
- Instalador/ora frigorista.
- Conservador/ora reparador/ora frigorista.
- Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría básica.
- Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría especialista.
- Carné profesional en instalacións térmicas de edificios.
- Certificado de cualificación individual como instalador/ora de gas, categoría A.
- Certificado de cualificación individual como instalador/ora de gas, categoría B.
- Certificado de cualificación individual como instalador/ora de gas, categoría C.
- Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría I.
- Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría II.
- Reparador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría III.
- Instalador/ora de liñas de alta tensión, categoría LAT1.
- Instalador/ora de liñas de alta tensión, categoría LAT2.
- Operador/ora de guindastre torre.
- Operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.
- Operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.

## Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas á realización das probas, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida exixir a normativa sectorial correspondente.
- Cumprir os requisitos específicos que para cada especialidade se establezan na normativa vixente.

## Solicitudes

O modelo de solicitude poderase obter nos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como na páxina web http://www.edu.xunta.es/fp.

Xunto coa solicitude deberase presentar xustificante para a Administración do impreso correspondente de autoliquidación de taxas en concepto de dereitos de exame (importe 38,37 euros) debidamente validado pola entidade bancaria onde se realice o ingreso. Este pagamento tamén poderá efectuarse pola internet no enderezo: http:/www.xuntaeco.org/web/portal/tramites-tributarios-presentacion. Neste caso é obrigatorio enviar o xustificante que se imprime ao efectuar o pagamento.

## Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo comezará o día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG, e rematará o día 23 de xullo de 2010.

As solicitudes presentaranse nos rexistros dos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na oficina de rexistro único e información no complexo administrativo de San Caetano ou nos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes irán dirixidas ao director xeral de educación, formación profesional e innovación educativa.

## Datas dos exames

A realización dos exames non será antes do mes de outubro.

## Máis información por especialidades:

| Especialidade | Requisitos para presentarse ao exame | Requisitos para a obtención directa do carné | Normativa que o regula |
|---|---|---|---|
| **Instalador de fontanaría** | ▪ Ser maior de 18 anos.<br>▪ Estar en posesión dun certificado de estudos primarios. | ▪ Ser maior de 18 anos.<br>▪ a) Profesionais que acrediten unha titulación que, en virtude da normativa vixente, outorgue atribucións para a realización das actividades consideradas na Orde do 13 de abril de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 42/2008, do 28 de febreiro, de creación do Rexistro de Instalacións Interiores de Subministración de Auga de Galicia e a autorización das empresas instaladoras.<br>▪ b) Profesionais que acrediten unha experiencia laboral de polo menos dous anos como oficial técnico nunha empresa instaladora de fontanería autorizada, cando dispoñan dunha das seguintes titulacións de formación profesional:<br>– Título de grao medio en montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor.<br>– Título de grao superior en mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso.<br>– Título de grao superior en desenvolvemento de proxectos de instalacións de fluídos, térmicas e de manutención.<br>– Título equivalente aos anteditos, conforme o establecido no anexo II do Real decreto 777/1998, do 30 de abril (BOE nº 110, do 8 de maio). | ▪ Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación (CTE) e o seus Documentos Básicos.<br>▪ Orde do 13 de abril de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 42/2008, do 28 de febreiro, de creación do Rexistro de Instalacións Interiores de Subministración de Auga de Galicia e a autorización das empresas instaladoras. |
| **Carné profesional en instalacións térmicas de edificios** | ▪ Ser maior de 18 anos<br>▪ Cumprir algunha das seguintes condicións:<br>▪ a) Posuír unha das seguintes titulacións de formación profesional:<br>– Técnico superior en mantemento e montaxe de instalacións de edificios e procesos<br>– Técnico en montaxe e mantemento de instalacións e produción de calor<br>▪ b) Ter recibido e superado un curso teórico e práctico de coñecementos básicos e outro de coñecementos específicos en instalacións térmicas en edificios, impartido por unha entidade recoñecida, e ademais, demostrar unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos nunha empresa instaladora ou mantedora coma técnico oficial.<br>▪ Para o cálculo da experiencia laboral só se terán en conta os últimos dez anos contados desde a data de presentación da solicitude. | ▪ Ser maior de 18 anos.<br>▪ a) Técnicos titulados competentes, con atribucións específicas en materias reguladas polo RITE.<br>▪ b) Profesionais que acrediten unha experiencia laboral de polo menos un ano nunha empresa instaladora ou mantedora autorizada como técnico oficial, cando dispoñan dunha das seguintes titulacións de formación profesional:<br>– Técnico superior en mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso.<br>– Técnico en montaxe e mantemento de instalacións e produción de calor.<br>– Título equivalente aos anteditos, conforme o establecido no anexo II do Real decreto 777/1998, do 30 de abril (BOE nº 110, do 8 de maio).<br>▪ Para o cálculo da experiencia laboral só se terán en conta os últimos cinco anos contados desde a data de presentación da solicitude. | ▪ Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios. (RITE).<br>▪ Orde do 24 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación, na Comunidade Autónoma de Galicia, do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.<br>▪ Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial. |

## Modificados

| Especialidade | Requisitos para presentarse ao exame | Requisitos para a obtención directa do carné | Normativa que o regula |
|---|---|---|---|
| **Operador industrial de caldeiras**<br><br>Só é necesario para as caldeiras da clase segunda, de vapor ou de auga sobrequecida, a que se fai referencia no artigo 3.2 da ITC EP1 do Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias | ▪ Ser maior de 18 anos. | ▪ a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos mínimos que se indican no anexo II da Instrución Técnica Complementaria "EP-1".<br>▪ b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo II da Instrución Técnica Complementaria "EP-1".<br>▪ c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, nas materias que se indican no anexo II da Instrución Técnica Complementaria de acordo co estipulado no RD 1224/2009, de 17 de xullo, nas materias que se indican no anexo I da Instrución Técnica Complementaria "EP-1"<br>▪ d) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real Decreto 2200/1995, de 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican no anexo II da Instrución Técnica Complementaria "EP-1" | ▪ Real Decreto 560/2010, de 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.<br>▪ Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias.<br>▪ Resolución do 25 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se modifica a Resolución do 15 de xaneiro de 2009, pola que se convocan exames ordinarios para a obtención de carnés profesionais no ano 2009. |
| **Certificado de cualificación individual como instalador de gas, categorías A, B e C** | ▪ Ser maior de 18 anos | ▪ a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos mínimos que se indican no anexo I da Instrución Técnica Complementaria.<br>▪ b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo I da Instrución Técnica Complementaria "ITC-ICG 09".<br>▪ c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, nas materias que se indican no anexo I da Instrución Técnica Complementaria, de acordo co estipulado no RD 1224/2009, de 17 de xullo, nas materias que se indican no anexo I da Instrución Técnica Complementaria "ITC-ICG 09".<br>▪ d) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no RD 2200/1995, de 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican no anexo I da Instrución Técnica Complementaria "ITC-ICG 09". | ▪ Real Decreto 560/2010, de 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.<br>▪ Real Decreto 919/2006, de 28 de xullo polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasoso se as súas Instrucións Técnicas Complementarias ICG 01 a 11.<br>▪ Orde do 28 de abril de 2008 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, aprobadas polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Instalador de produtos petrolíferos líquidos, categorías I, II e III** | ▪ Ser maior de 18 anos | ▪ a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, e da Instrución Técnica Complementaria “MI-IP05”.<br>▪ b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, e da Instrución Técnica Complementaria “MI-IP05”..<br>▪ c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo có estipulado no Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, nas materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real Decreto 2085/1994, de 20 de outubro e da Instrución Técnica Complementaria “MI-IP05”.<br>▪ d) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real Decreto 2200/1995, de 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican nos apéndices II, III o IV, segundo corresponda, da Instrución Técnica Complementaria “MI-IP05”. | ▪ Real Decreto 560/2010, de 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.<br>▪ Real Decreto 365/2005, do 8 de abril, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos.<br>▪ Real Decreto 2085/1994, de 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Petrolíferas.<br>▪ Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se modifica a do 21 de agosto de 2006 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da instrución técnica complementaria MI-IP05, instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos, aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril.<br>▪ Orde do 21 de agosto de 2006 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da instrución técnica complementaria MI-IP05, instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos, aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril. |

## Modificados

| Especialidade | Requisitos para presentarse ao exame | Requisitos para a obtención directa do carné | Normativa que o regula | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| **Operador de guindastre torre** | ▪ a) Ser maior de 18 anos.<br>▪ b) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.<br>▪ c) A superación dun curso teórico-práctico impartido por unha entidade acreditada.<br>▪ d) Ter superado un exame médico, psicotécnico e físico, específico para este tipo de actividades, que inclúa exame sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva. | ▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de Aparatos de elevación e manutención dos mesmos, e da Instrución Técnica Complementaria «MIE-AEM-2». | ▪ Real Decreto 560/2010, de 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.<br>▪ Real Decreto 836/2003, de 27 de xuño, polo que se aproba unha nova Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras e outras aplicacións.<br>▪ Real Decreto 2291/1985, de 8 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Aparatos de elevación e manutención dos mesmos.<br>▪ Orde do 13 de xaneiro de 2004 que modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial. | ▪ Co fin de dar por finalizado o último proceso de formación por entidades recoñecidas, iniciado ao abeiro da orde do 27 de decembro de 2000, as persoas que acrediten ter realizado o antedito curso de formación poderanse presentar a esta convocatoria. |
| **Operador de guindastre móbil autopropulsado categorías A e B** | ▪ a) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.<br>▪ b) Ter cumpridos 18 anos no momento de realizar a solicitude do curso que se cita no paragrafo c).<br>▪ c) A superación dun curso teórico-práctico impartido por unha entidade acreditada.<br>▪ d) Ter superado un exame médico, psicotécnico e físico, específico para este tipo de actividades, que inclúa exame sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva. | ▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de Aparatos de elevación e manutención dos mesmos, e da Instrución Técnica Complementaria «MIE-AEM-4». | ▪ Real Decreto 560/2010, de 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.<br>▪ Real Decreto 837/2003, de 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.<br>▪ Real Decreto 2291/1985, de 8 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Aparatos de elevación e manutención dos mesmos.<br>▪ Orde do 13 de xaneiro de 2004 que modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial. | ▪ Co fin de dar por finalizado o último proceso de formación por entidades recoñecidas, iniciado ao abeiro da orde do 27 de decembro de 2000, as persoas que acrediten ter realizado o antedito curso de formación poderanse presentar a esta convocatoria. |

## Suprimidos

| Especialidade | Requisitos para presentarse ao exame | Requisitos para o exercicio da actividade. | Normativa que o regula | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| **Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categorías básica e especialista** | ▪ Non se require carné. | ▪ a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.<br>▪ b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.<br>▪ c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo có estipulado no Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, nas materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, e as súas Instrucións Técnicas Complementarias. | ▪ Real Decreto 560/2010, de 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.<br>▪ Sentenza do 17 de febreiro de 2004, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, pola que se anula o inciso 4.2.c.2 da ITC-BT-03 anexa ao Regulamento Electrónico para baixa tensión, aprobado por Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto.<br>▪ Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.<br>▪ Orde do 13 de xaneiro de 2004 que modifica a Orde do 27 de decembro de 2000,pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial. | ▪ Co fin de dar por finalizado o último proceso de formación por entidades recoñecidas, iniciado ao abeiro da orde do 27 de decembro de 2000, as persoas que acrediten ter realizado o antedito curso de formación poderanse presentar a esta convocatoria. |
| **Instalador frigorista e Conservador-reparador frigorista** | ▪ Non se require carné. | ▪ Na nova normativa desaparecen as figuras de instalador frigorista e de conservador-reparador frigorista. (Real Decreto 560/2010, de 7 de maio) | ▪ Real Decreto 560/2010, de 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.<br>▪ Real Decreto 3099/1977, de 8 de setembro polo que se aproba o Regulamento de seguridade para plantas e instalacións frigoríficas.<br>▪ Orde do 24 de xaneiro de 1978 del Ministerio de Industria e Enerxía pola que se aproban instrucións técnicas complementarias MI IF consonte ao disposto no Regulamento de seguridade para plantas e instalacións frigoríficas. | ▪ Co fin de dar por finalizado o último proceso de formación por entidades recoñecidas, iniciado ao abeiro da orde do 27 de decembro de 2000, as persoas que acrediten ter realizado o antedito curso de formación poderanse presentar a esta convocatoria. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Instalador de liñas de alta tensión, categorías LAT1 e LAT2** | ▪ Non se require carné. | ▪ a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, e das súas Instrucións Técnicas Complementarias.<br>▪ b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, e das súas Instrucións Técnicas Complementarias.<br>▪ c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo có estipulado no Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, nas materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, e das súas Instrucións Técnicas Complementarias. | ▪ Real Decreto 560/2010, de 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.<br>▪ Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.<br>▪ Orde do 10 de maio de 2010 pola que se regula a aplicación na comunidade Autónoma de Galicia da instrución técnica complementaria ITC-LAT 03 do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro. | ▪ Co fin de dar por finalizado o último proceso de formación por entidades recoñecidas, iniciado ao abeiro da orde do 27 de decembro de 2000, as persoas que acrediten ter realizado o antedito curso de formación poderanse presentar a esta convocatoria. |